



Coscobellos...



Luns

Martes

Mércoles

Xoves

Venres

Sábado

Domingo

● tarefa ● cita — nota



... ao cesto!

Gazafellos, biosbardos, gamusinos, cocerellos, pigarzos, coscobellos...
Escoitastes falar deles?

Estes seres máxicos son obxecto de conversas, historias e mesmo cantigas, mais... ver, ver, disque pouca xente os viu.

No entanto, **no Museo do Pobo Galego saben ben como atopalos** e queren compartir a receita con todas as familias de Compostela.

A actividade "**Coscobellos ao cesto**" está ao voso dispor para coñecerdes o museo dun xeito divertido ao tempo que buscadeis por estes seres argalleiros, escoregadizos e pillabáns.

E para ir quecendo, convidámosvos a imaxinardes **como serán estes pequenos falcatrueiros**: terán un ollo ou dous? Serán grandes ou pequenos? Peludos ou pelados?

Propoñémosvos que recortedes as partes do corpo que consideredes entre as que tedes aquí abaixo e montedes o voso propio coscobello.

Tamén podedes debuxar outro e engadirlle todo o que queirades: ás, rabo, espiñas... Sodes libres para imaxinar e crear.

Comezamos?

Coscobello, vente ao cesto...

+ **Info:** <http://museodopobo.gal/sites/default/files/2021-03/Coscobellos.pdf>









